

**Asunto:** Alegacións a todos os documentos sometidos a información pública relativos ao Parque Eólico Suido I situado nos termos municipais de Dozón e Lalín (Pontevedra) e O Irixo (Ourense) e á súa infraestrutura de evacuación por resolución do día 5 de abril de 2022 (DOGA N. 82 do 29 de abril de 2022). (expediente **IN408A/2020/008**).

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI. Número \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, Concello de \_\_\_\_\_, Código Postal \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_ correo electrónico \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

Á vista da Resolución do 5 de abril de 2022, da Dirección xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se someten a información pública diversa documentación do proxecto de instalacións do parque eólico Suido I entre os Concellos de Dozón, Lalín e O Irixo (expediente **IN408A/2020/008**), por medio do presente escrito realízanse as seguintes

**ALEGACIÓNS:**

**PRIMEIRA.- VULNERACIÓN DE DEREITOS FUNDAMENTAIS.** A exposición pública nos Concellos incumpre a normativa (artigos 143 e 144 do Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de energía eléctrica e Ley 21/2013, de 9 de decembro, de evaluación ambiental. Artículos 9.3 y 9.4) a documentación mínima non está exposta. O proxecto non está visible no taboleiro de anuncios dos Concellos afectados e tampouco na súa páxina web. O punto de información nos Concellos non funciona correctamente.

**SEGUNDA.- AUSENCIA DE UTILIDADE PÚBLICA DO PROXECTO.** O proxecto vai a incentivar o éxodo poboacional, non vai a xerar emprego nin a fixar poboación na zona, deixando graves prexuízos para as persoas que alí viven e as compensacións que se lles ofrecen son ridículas. O suministro eléctrico xa está asegurado.

**TERCEIRA.- O PROCEDEMENTO NON RESPECTA OS PRINCIPIOS DE OBXECTIVIDADE, PROPORCIONALIDADE, TRANSPARENCIA, IGUALDADE E NON DISCRIMINACIÓN.** O Consello da Cultura de Galicia solicitou unha moratoria na autorización dos parques eólicos ao estimar que están en trámite a concesión de 275 parques eólicos coas correspondentes liñas de evacuación. Hai un desenvolvemento anárquico e ao marxe da avaliación ambiental estratéxica do sector eólico en Galicia e as correspondentes liñas eléctricas de evacuación como a deste proxecto.

**CUARTA.- O PROXECTO PRESENTADO INCORRE EN FRAUDE DE LEI.** Hai FRAGMENTACIÓN FRAUDULENTE DUN GRAN PARQUE EÓLICO ÚNICO EN TRES. É máis que evidente que os parques eólicos de Suido I, Valdepereira e Pico Seco son unha única instalación. Superpónse a súa poligonal que ten un tamaño desproporcionado. As empresas promotoras de xeito fraudulento presentan un proxecto separado para vulnerar a normativa evitando a suma dos seus megavatios cambiando así a administración competente e polo tanto actuando en fraude de lei. Isto supón que: O PROXECTO DEBE SER RETIRADO DE XEITO DEFINITIVO. En ocasión as operacións de fragmentación artificial de proxectos de parques ou de liñas de evacuación teñen por finalidade evitar a competencia autorizatoria do Ministerio a favor da competencia da administración autonómica. E en todo caso, cando se fragmentan os proxectos eólicos, sexa pola razón que sexa, minóranse as garantías de protección ambiental, ao aniquilar a posibilidade de avaliar conxuntamente aqueles proxectos artificialmente divididos. Que a fragmentación artificial ou de conveniencia deste tipo de proxectos non se axusta a Dereito é unha realidade que veñen corroborando os tribunais de xustiza en España dende hai anos. É evidente que non estamos ante proxectos independentes e plenamente funcionais de xeito illado. Estas Instalacións e a súa liña de evacuación, a Liña de Conexión Beariz 400 kV –Eixo Este, é intrínseca alomenos a 25 parques eólicos e tal vez máis, polo tanto, debería analizarse conxuntamente en todo o procedemento de avaliación ambiental. Os proxectos dos parques eólicos e as liñas de evacuación deben ser contemplados como un conxunto integrado nun mesmo proxecto. Non é de recibo sortear a través dunha máis que utilizada fragmentación, uns efectos sinérxicos e acumulativos ausentes nos estudos de impacto ambiental e nas declaracións de impacto ambiental.

**QUINTA.- AFECCIÓN ÁS PERSOAS.** Afección severa aos núcleos de poboación e ao benestar das familias que habitan neles. Excesiva proximidade dos aeroxeneradores e da liña eléctrica de evacuación ás vivendas e aldeas. Non se valora suficientemente o impacto sobre a calidade de vida das persoas que estarían expostas ao ruído dos aeroxeneradores, ao efecto sombra e as radiacións procedentes de tendidos eléctricos. No documento “Alcance de Estudio Ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre”, decembro de 2020, elaborado pola Rede de Autoridades Ambientais constituída a

proposta da Comisión Europea e coordinada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, **recoméndase evitar parques e subestacións a menos de 2 km** de núcleos habitados. Nos parques eólicos de Suido I quedan seriamente afectados os seguintes núcleos de poboación: Sanguiñedo quedaría a 540 metros dun aerogenerador. A Abeleda quedaría a 760 metros dun aerogenerador. Bustelo quedaría a 840 metros dun aerogenerador. Nogueira quedaría a 640 metros dun aerogenerador. Carrofeito quedaría a 590 metros dun aerogenerador. Moi afectados tamen os núcleos de Nogueira, Carrofeito, Bustelo, Samprizón, Abeleda, Sanguiñedo...etc. Cómpre ter en conta que trátase de aerogeneradores de máis de 200 metros (229,5 metros) con un impacto paisaxístico desmesurado e inasumible. Existe unha afección acústica severa e con prexuízos irreversibles para os seguintes núcleos afectados polos efectos sinérxicos e acumulados con outros parques da entorna e ubicados a menos de 2 km como: A Abeleda, Bustelo, Cardoufe, Carrofeito, Lebozán, Nogueira, O Navallo, Samprizón, San Martiño de Doade, Sanguiñedo, Vilar de Montes en San Xoán de Vilanova...etc.

**SEXTA.- AFECCIÓN ÁS ACTIVIDADES AGROGANDEIRAS.** Falta a avaliación do impacto do proxecto sobre as zonas de produción agrícola e gandeira. No perímetro dos parques eólicos e nas súas proximidades existen actividades gandeiras principalmente de produción de carne que se verían moi afectadas por esta instalación. Igualmente afectaría a actividade agraria e gandeira para o autoconsumo. O mesmo pasa coa produción doutros produtos agroalimentarios como por exemplo o mel.

**SETIMA.- AFECCIÓN AO MONTE E AS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS.** Non se analiza o impacto económico e social sobre os montes e as explotacións forestais na área de afección do proxecto. Cómpre por de manifesto que dita eiva resulta singularmente significativa e grave, toda vez que os rendementos medeireiros constitúen una importante fonte de ingresos para as economías das familias locais. A poligonal dos parques eólicos ocupa terreos de varias Comunidades de Montes co menoscabo para estas entidades. Ademais incrementa exponencialmente o risco dos incendios forestais. O artigo 59 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galiza prohíbe o cambio de uso forestal dos terreos queimados, por 30 anos. Parte da poligonal destes parques eólicos sitúase en terreos que sufriron incendios forestais.

**OITAVA.- AFECCIÓNS AO MEDIO AMBIENTE.** Colisión frontal do proxecto cos obxectivos da estratexia da Unión Europea sobre a biodiversidade. O estudo de impacto ambiental non cumpre con todos os requisitos establecidos na Lei de Avaliación Ambiental. Tampouco se avalía de maneira obxectiva a alternativa 0 en relación a tódolos aspectos ambientais e sociais. Afección directa e indirecta sobre os espazos naturais protexidos pois os parques eólicos están próximos aos espazos naturais como son a ZEC Serra do Candán, ZEC Serra do Cando e ZEC Pena Veidosa. Cómpre ter en conta que a Rede Natura 2000 localízase practicamente á beira das instalacións. A instalación dos parques eólicos producirá impactos significativos sobre a fauna e flora da súa contorna. Prexuízos irreversibles para o lobo. Afección severa a especies endémicas en perigo de extinción ou vulnerables. Impacto severo sobre a avifauna e elevado risco de colisión das aves cos aerogeneradores. **Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos.** Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga e ausencia dun estudo hidrolóxico. Afección severa e prexuízos irreversibles para o sistema de brañas e humidais da zona de afección do proxecto.

**NOVENA.- AFECCIÓNS AO PATRIMONIO CULTURAL.** Afección severa ao patrimonio cultural e arqueolóxico e a súa descontextualización. Afección a bens culturais catalogados. Afección ao Conxunto Etnográfico do Foxo do Cabrito e do Camiño Vello dos Arrieiros pola Xesta. **O estudo patrimonial da promotora é moi deficiente.** A promotora obvia o impacto sinérxico sobre o patrimonio da totalidade dos parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación. Non cabe pois descontextualizar o patrimonio cultural nin desvencellalo da paisaxe como se fai no estudo de impacto ambiental. O patrimonio cultural inmaterial queda sen avaliar. O Museo Etnográfico Casa do Patrón seriamente afectado no seu entorno. O Castro de Doade e as mámoas do Coto do Santo da Pedra seriamente afectadas. O estudo de impacto non menciona ou simplemente omite a presenza de outros bens catalogados nas proximidades que resultarán afectados. Tampouco se avalía o impacto sobre os Camiños Históricos existentes na zona, entre eles varios Camiños de Arrieiros.

**DÉCIMA.- AFECCIÓN MOI SEVERA Á PAISAXE.** Afección severa e prexuízos irreversibles para as Áreas de Interés paisaxístico da contorna do proxecto. Grande impacto sobre numerosas rutas de sendeirismo existentes na contorna. Afección severa á rede de miradoiros existentes próximos á liña de alta tensión que se proxecta.

#### **SOLICITA:**

O rexeitamento da autorización administrativa e a non construción do proxecto do Parque Eólico Suido I situado nos termos municipais de Dozón, Lalín (Pontevedra) e O Irixe (Ourense) e á súa infraestrutura de evacuación (expediente **IN408A/2020/008**), por incumprir a legalidade, pola invalidez do documento ambiental, e pola ausencia de utilidade pública.

En \_\_\_\_\_, a día 5 de xuño de 2022

Asdo.-